



A BURRA, A MESA E O PAU



RESUMO EN LECTURA FÁCIL DA OBRA DE TEATRO

Lorena Conde é a escritora e a directora desta obra de teatro



Índice

Que é este documento?.....	páxina 4
O Centro Dramático Galego.....	páxina 5
A burra, a mesa e o pau.....	páxina 6
As actrices e os actores.....	páxina 8
Que nos conta esta obra de teatro?.....	páxina 12
Como é o escenario?.....	páxina 14
Canto tempo dura a obra de teatro?.....	páxina 15

Que é este documento?

Este documento é o programa de man dunha obra de teatro.

Un programa de man dunha obra de teatro é un documento que recolle información sobre esa obra, por exemplo, o nome das personaxes ou o tema da obra de teatro.

O título desta obra de teatro é
A burra, a mesa e o pau.



O Centro Dramático Galego

O Centro Dramático Galego é unha compañía de teatro.

As compañías de teatro son un grupo de persoas que fan obras de teatro.

O Centro Dramático Galego fai obras de teatro en galego.

O Centro Dramático Galego é da Xunta de Galicia e comezou a traballar no ano 1984.

Está no Salón Teatro.

O Salón Teatro está na Rúa Nova en Santiago de Compostela.

No Salón Teatro hai un teatro e tamén as oficinas onde traballan as persoas que forman o Centro Dramático Galego.

O Centro Dramático Galego organiza:

- Obras de teatro de escritoras e escritores galegos.
- Obras de teatro de escritoras e escritores importantes de todos os países.
- Obras de teatro para nenas e nenos.

O Centro Dramático Galego quere que todas as persoas poidan ir ao teatro.

Tamén quere que as persoas coñezan os profesionais que traballan nas obras de teatro.

A burra, a mesa e o pau

A burra, a mesa e o pau é unha obra de teatro que fan persoas de Galicia.

Os actores e as actrices do espectáculo falan en galego e tamén en castelán.

A burra, a mesa e o pau é unha obra de teatro que conta a historia dunha familia.

A obra de teatro conta a historia dunha familia pobre nos anos 90.

As familias pobres dos anos 90 teñen que traballar moito para poder pagar a comida, a casa, os servizos de saúde...

As persoas adultas destas familias van aos seus traballos e logo fan outros traballos na casa no seu tempo libre para gañar mais cartos.

As familias pobres dos anos 90 usaban a mesa da cociña para comer, facer os deberes e tamén para facer traballos para gañar diñeiro.

Eses traballos que facían na casa eran traballos como coser botóns a chaquetas ou montar paraugas peza a peza.

Despois entregaban esas chaquetas ou eses paraugas e recibían cartos a cambio.

A obra de teatro fala de como as casas se convertían en pequenas fábricas.



As actrices e os actores



XÚLIO ABONJO



MAIKA AGUADO



BEATRIZ BARCIA



XOSÉ M. ESPERANTE



ANDRÉS GIRÁLDEZ



ALIXA LADSON



ROBERTO LEAL



MARIO LÓPEZ



PABLO LOUREIRO



CARLA MOJÓN



GRIAL MONTES



PALOMA OTERO



PAULO SERANTES



NELU VERMOUTH



ARANTZA VILLAR

Que nos conta esta obra de teatro?

A obra de teatro conta a historia dunha familia galega.

A familia non ten moitos cartos.

Como non teñen moitos cartos non poden gastar nas cousas que necesitan.

Deben decidir en que gastan o diñeiro porque non lles dá para todo.

A neveira non funciona e deberían arranxala para non ter que tirar a comida que se poña mala.

Teñen un gato que está enfermo e deberían levalo ao veterinario.

O gato chámase Chayanne.

Teñen que decidir se arranxan a neveira ou salvan ao gato porque non teñen diñeiro para as dúas cousas.

Por iso fan traballos na casa: fabrican carteiras e métenas en caixas a cambio de diñeiro.

A familia da obra está formada por cinco (5) persoas: Cami, a nai.
Cami traballa nunha fábrica e tamén na casa.

Álex e Agar son os/as fillos/as.
Álex estuda unha carreira universitaria e traballa nunha discoteca as fins de semana.
Agar só estuda porque é menor de idade.

A Agar fáltalle un ollo porque tivo un accidente cando na súa familia se montaban paraugas na casa.

Leo, o avó.

Leo está moi maior e vai perdendo a memoria.

Conta moitos contos e fábulas durante o espectáculo.

Un deses contos que conta chámase

A burra, a mesa e o pau, por iso o espectáculo se chama así.

Sabi, o tío, irmán de Cami.

Sabi traballa cobrando cartos a persoas que teñen débedas.

Sabi ten moitas ideas de negocios para gañar cartos.

Sabi equivócase moitas veces e fai que a familia
perda cartos en vez de gañalos.

Os actores e as actrices falan, fan sons de animais,
cantan e tamén bailan.



Como é o escenario?

O escenario é cor gris prata.

O chan e as paredes son cor gris prata,
coma se fose o interior dun conxelador dos grandes.

No medio da parede que vemos de
frente hai unha ventá cadrada.

Esa ventá pode abrirse cara arriba ou cara abaixo.

Se se abre, vemos que detrás hai un
espazo cadrado con azulexos brancos e
unha neveira, coma se fose unha cociña.

Na parede dereita e na parece esquerda
hai dúas portas para que entren e
saian os actores e as actrices.

No escenario hai tamén mesas e taburetes de madeira.

As actrices e os actores da obra utilizan
estas mesas e taburetes para representar
as distintas escenas da obra.

Canto tempo dura a obra de teatro?

Esta obra de teatro dura 100 minutos.

A obra empeza ás 18.00 horas e acaba ás 19.40 horas aproximadamente.

Hai que estar no Salón Teatro antes de empezar a obra de teatro.

Se a obra empezou, non se pode entrar no teatro.

Se saes do Salón Teatro antes de que remate a obra de teatro, non podes volver entrar.

Os mércores hai funcións descontraídas* e si que se pode volver entrar.



Adaptación a lectura fácil:

Sheyla Fariña – Servizo de Accesibilidade e Mediación para a captación de públicos.


Validación da adaptación:

Vega Belmonte - ASPAMITE

Logotipo europeo de lectura fácil na portada

© Inclusion Europe

Máis información en www.inclusion.eu



DESCARGA O PROGRAMA
EN LECTURA FÁCIL



CENTRO
DRAMÁTICO
GALEGO



Financiado pola
Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
e Resiliencia